



**Astº.: Certificado de exposición pública e do seu resultado**  
**Refª.: Orzamento do exercicio de 2011**

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do expediente do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2011 que inclúe a Relación de Postos de Traballo, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resultan, respecto da súa exposición pública tras a aprobación inicial, e resultado, os extremos seguintes:

1º. Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 5 do 10 de xaneiro de 2010, apareceu inserto o anuncio da aprobación inicial do dito Orzamento e, detectado erro no mesmo, insírese novo anuncio (co comezo de prazos segundo se di no mesmo) no dito Boletín, co núm. 52 do 17 de xaneiro de 2011, e co outorgamento do prazo de quince días hábiles (desde o primeiro, tamén hábil, ao da dita publicación) para exame do expediente e presentación de reclamacións polos interesados.

2º. Que, copia deses anuncios, inseríronse, nas mesmas datas das precitadas publicacións, no Taboleiro de anuncios do Consorcio, debidamente dilixenciadas incluíndose os prazos correspondentes segundo consta naquelas.


3º. Que en consideración á data de publicación citada no apartado 1º da presente (respecto da corrección de erros), o prazo de quince días indicado tamén nese apartado transcorreu, desde o día dezoito de xaneiro de dous mil once (18.01.2011) ata o día tres de febreiro de dous mil once (03.02.2011), incluídos os días de inicio e fin citados.

4º. Que durante o prazo ao que se fai mención no apartado precedente, non costa presentado no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos desta Entidade, nin por remisión ou entrega por outros medios a esta Secretaría (Fax, correo electrónico) documento ningún de reclamación ou alegación contra dito Orzamento ou o seu expediente, incluído tanto a devandita relación dos Postos de Traballo como o acordo de aprobación inicial.

E, para que así conste e na unión co referido expediente, xurda os seus debidos efectos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do Iltmo. Sr. Presidente en Carballo, a catro de febreiro de dous mil once.

V.º e pr.  
O presidente,

  
Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez  
O Presidente

  
Secretaría Intervención